



Bases reguladoras das entregas dinerarias sen contraprestación da S. A. de Xestión do Plan Xacobeo ás Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago e outras entidades que teñan como finalidade a promoción do Camiño de Santiago e a súa peregrinación, e convocatoria para o ano 2019.

A Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo é unha sociedade integrada por capital público, unha entidade instrumental do sector público autonómico das contempladas no artigo 45.b) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión.

De conformidade cos seus estatutos, segundo se indicou, a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo ten entre as súas funcións as **relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago**. Neste sentido, o Xacobeo considera clave a colaboración a distintos niveis coas devanditas entidades, pois son historicamente o máis relevante factor de dinamización desde a sociedade civil do Camiño e as súas rutas, tanto en Galicia, como no resto de España e noutros países do mundo. Mostra da súa relevancia decisiva é que xurdiron nos anos cincuenta-sesenta en Francia e España para promover e recuperar a peregrinación a pé, sendo o primeiro factor de dinamización ao respecto, hoxe recoñecido internacionalmente. Mostra desa relevancia é tamén que actualmente están estendidas polos cinco continentes con milleiros de asociados que traballan cada día a favor da peregrinación xacobeas e os seus itinerarios, todos con meta final en Galicia.

Precísase, xa que logo, dar continuidade ao fomento das asociacións xacobeas por ser as responsables, en distintos momentos da historia contemporánea do Camiño de Santiago e no presente, das máis diversas iniciativas.

Polo exposto,

1. Obxecto, finalidade, principios de xestión e ámbito de aplicación

1.1 Establécense as bases reguladoras das axudas a Asociacións de Amigos do Camiño





de Santiago (Código de procedemento **CT300A**) e aquelas outras entidades que teñan como finalidade a promoción do Camiño de Santiago e a súa peregrinación, co obxecto de fomentar a súa estabilidade e consolidación, como entidades imprescindibles no fomento da peregrinación xacobeá, na acollida e hospitalidade no Camiño de Santiago e na promoción da cultura xacobeá, coas seguintes dúas liñas:

Liña 1: proxectos relacionados coa hospitalidade e co desenvolvemento de actividades encamiñadas á difusión da cultura xacobeá.

Liña 2: Publicacións relacionadas coa difusión da cultura xacobeá.

2. Compatibilidade das axudas

2.1. Estas axudas son incompatibles con outras entregas de diñeiro para o mesmo proxecto por parte da Xunta de Galicia, ou de calquera outro organismo dependente.

2.2. Porén, estas axudas son compatibles con axudas doutras administracións e entidades públicas ou privadas, e con outros ingresos ou recursos para a mesma finalidade.

A suma das distintas axudas públicas e privadas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade non pode superar o 100 % do custo da actividade á que se destinan as axudas, reducíndose a axuda concedida segundo estas bases na mesma proporción que se supere o 100% do custe da actuación obxecto destas axudas.

3. Beneficiarios das axudas

3.1. Poderán solicitar as axudas as Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago, e outras entidades que teñan como finalidade a promoción do Camiño de Santiago e a súa peregrinación, legalmente constituídas, e que teñan como obxecto principal o desenvolvemento de accións relacionadas co Camiño de Santiago e a peregrinación xacobeá.





3.2. Non poderán obter a condición de beneficiarias entidades nas que concorran algunha das prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable das entidades solicitantes.

3.3. Non se permitirá a presentación de solicitudes conxuntas por varias entidades.

4. Requisitos dos proxectos

4.1 Para poder obter axuda, os proxectos presentados deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) O proxecto debe estar tecnicamente completo, de xeito que a documentación que se achegue xustifique e explique suficientemente a súa formulación.
- b) Deberá fundamentar a súa necesidade social ou insuficiencia de cobertura, no caso da existencia de programas públicos ou privados desenvolto coa mesma finalidade.
- c) O proxecto deber ser viable, tanto en termos de execución económica como social.
- d) Deberá contar cunha capacidade técnica, organizativa e de xestión axeitada para levar a cabo o proxecto a realizar.
- e) Valorarase a implantación dun sistema de control e avaliación das actividades propias da entidade, mediante o establecemento de indicadores que permitan medir o grao de cumprimento dos obxectivos.

4.2. Non serán subvencionables:

- a) Andainas, comidas e aloxamento que, non formando parte do proxecto presentado ao abeiro destas bases, teñan como participantes aos socios das asociacións ou entidades.





b) Asistencia dos socios da asociación ou entidade a simposios, reunións, feiras ou congresos que teñan como finalidade a mera asistencia aos eventos.

c) Aquelas que teñan como finalidade o financiamento dos gastos correntes da asociación, alugueres de locais, subministracións, etc.

5 Importes e límites das axudas

5.1. O importe máximo para o financiamento das axudas incluídas nesta convocatoria para o ano 2019 é de 90.000€, con cargo á partida orzamentaria 201904A2761A441,11.

A asignación orzamentaria distribuirase do modo seguinte:

55.000 euros para a liña 1

35.000 euros para a liña 2

En caso de que a asignación nunha das liñas non se completara, o importe sobrantería destinado aos proxectos non seleccionados que tiveran a puntuación máis alta independentemente da liña de axuda conformando unha lista de agarda.

5.2. O límite de axuda por entidade é de 10.000€, segundo os criterios establecidos na base 14.

5.3. Cada entidade non poderá presentar máis dunha solicitude ao abeiro destas bases, podendo presentar un máximo de dous proxectos diferentes, un por cada liña de axuda:

Liña 1: proxectos relacionados ca hospitalidade e co desenvolvemento de actividades encamiñadas á difusión da cultura xacobeá.

Liña 2: Publicacións relacionadas coa difusión da cultura xacobeá.





6 Prazo e forma de presentación de solicitudes

6.1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

6.2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

No caso de asociacións ou entidades estranxeiras co fin de proceder a solicitude e tramites por medios electrónicos designarán un representante con firma dixital en España.

6.3. O defecto na solicitude seralles notificado aos/ás interesados/as e daráselles un prazo de dez días hábiles para emendaren os erros ou omisións. No requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixeren, se terán por desistidos da súa petición, logo da resolución que deberá ditarse consonte o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.





Sen prexuízo do establecido no punto anterior, poderá requirirse ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

6.4 Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria achegaranse á comisión de valoración encargada da súa valoración, de acordo co establecido nestas bases.

6.5. Os expedientes que non cumpran as esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instructor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, en que se indicarán as causas desta.

7 Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento.

7.1 As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (Anexo I) a seguinte documentación.

a) Escritura de válida constitución da Asociación ou Entidade co seu obxecto social. Os solicitantes estranxeiros deberán achegar a documentación equivalente que acredite a condición de asociación conforme as esixencias da lexislación vixente no país do solicitante.

b) Poder de representación da persoa representante.

c) Memoria descritiva do proxecto presentado á liña 1.

d) Memoria descritiva do proxecto presentado á liña 2.

e) Presentación da relación de gastos orzamentados no proxecto presentado á liña 1.
Anexo IV. Non se admitirán os gastos que non figuren nesta relación. Os orzamentos





deberan presentar o desglose da base impositiva e o IVE de cada partida do orzamento.

f) Presentación da relación de gastos orzamentados no proxecto presentado á liña 2. Anexo IV. Non se admitirán os gastos que non figuren nesta relación. Os orzamentos deberan presentar o desglose da base impositiva e o IVE de cada partida do orzamento.

g) No caso de asociacións ou entidades estranxeiras, documento equivalente ao NIF da entidade solicitante.

h) No caso de asociacións ou entidades estranxeiras DNI ou NIE da persoa representante.

i) No caso de asociacións ou entidades estranxeiras deberán presentar un certificado de residencia fiscal emitido polas autoridades competentes do seu país de residencia (artigo 10º.4 do Decreto 11/2009) acompañado da súa tradución legal ao galego ou español.

7.2. A documentación complementaria deberá presentarse electrónicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

7.3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

7.4. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica





da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

8 Comprobación de datos

8.1 Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas Administracións públicas:

- a) NIF da entidade solicitante
- b) DNI ou NIE da persoa representante no caso de representación
- c) Certificado de cumprimento das obrigas tributarias ca Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- d) Certificado de estar ao corrente de pagamento da Seguridade Social.
- e) Certificado de cumprimento das obrigas tributarias ca facenda autonómica da Xunta de Galicia.

8.2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

8.3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

8.4. No caso de asociacións ou entidades estranxeiras a documentación relacionada nas liñas a) e b) do Artigo 8.1 substituirase pola presentación de documento equivalente e nas liñas c), d), e e) do Artigo 8.1 poderá substituírse por un certificado de residencia





fiscal emitido polas autoridades competentes do seu país de residencia (artigo 10º.4 do Decreto 11/2009) acompañado da súa tradución legal ao galego ou español.

9. Notificación electrónica

9.1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

9.2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

9.3. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

9.4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

9.5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

10. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes





Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electrónicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

11 Transparencia e bo goberno

11.1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

11.2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da citada lei.

11.3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no Diario Oficial de Galicia.

12 Procedemento de concesión das axudas e órganos competentes

12.1. A concesión das axudas realizarase a través dun procedemento de concorrancia





competitiva, no que as solicitudes se avaliarán por unha comisión de avaliación, segundo os criterios establecidos a continuación.

A asignación das contías farase en proporción á puntuación recibida e ao orzamento solicitado, sen exceder os límites establecidos por entidade nestas bases.

12.2. Actuará como instrutor do procedemento a Área da Cultura Xacobeá, e correspóndelle realizar de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se concedan as axudas. En particular, terá atribuídas especificamente as seguintes funcións:

- a) Examinar as solicitudes e documentación presentadas.
- b) Requirir das persoas solicitantes a emenda ou achega da documentación que resultase de obrigado cumprimento.
- c) Formular a proposta de resolución das solicitudes aceptadas, debidamente motivada.

12.3. Co fin de facilitar unha mellor avaliación das solicitudes, poderáselles pedir información complementaria aos interesados, así como a outros servizos da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo ou profesionais ou expertos consultados. En todo caso, a Dirección da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo poderá requirir aos solicitantes para que proporcionen calquera información aclaratoria que resulte necesaria para a xestión da súa solicitude.

12.4. A Dirección da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo será o órgano competente para a concesión destas axudas.

13 Prazo de resolución

13.1 Se resolverán no prazo máximo de cinco meses, a contar dende a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Ao vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexitima aos





interesados entenderase desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de axuda segundo o previsto no artigo 23 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

14 Comisión e criterios de valoración

14.1. A comisión de estar constituída por:

a) Presidenta : A Comisaria do Xacobeo 2021

b) Vogais :

- xefe da Área de Cultura Xacobeá da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo
- Un representante da Axencia Turismo de Galicia

Secretario: Unha persoa do cadro de persoal da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, sen dereito a voto, que fará as funcións de secretario/a.

14.2. A comisión de valoración avaliará as solicitudes consonte os criterios de valoración establecidos nestas bases. Emitirá un informe relacionando os proxectos examinados por orde de prelación, indicando a puntuación asignada a cada un deles, e indicando o importe da concesión da axuda que corresponde.

No caso de que dous ou mas proxectos acaden a mesma puntuación terán prioridade as entidades que teñan a súa data de fundación máis antiga.

No caso de existiren solicitudes que non figuran no informe anterior por razón do baremo aplicado ao terse esgotado o crédito dispoñible, a comisión poderá emitir propostas sucesivas, ben por dispor de crédito por producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente propostos ou ben por incremento do orzamento inicialmente destinado a estas axudas.

14.3. Aos efectos da súa valoración establécense os seguintes criterios.



Xacobeo 2021





Criterios Xerais. Máx. 30 Ptos.

Proxectos nos que participen outras entidades ou asociacións no seu desenvolvemento	Dúas entidades implicadas (3) Tres entidades (4) Máis de tres entidades (5)	Ata 5
Difusión dos resultados acadados	Difusión Autonómica (3) Difusión Nacional (4) Difusión internacional (5)	Ata 5
Necesidade e Continuidade no futuro do proxecto	Garantías de continuidade no tempo, plan de viabilidade	Ata 10
Tempo e a súa continuidade que a Asociación leva desenvolvendo proxectos relacionados coa acollida de peregrinos e difusión da cultura xacobeá	Máis de 5 anos (5) Máis de 2 anos (4)	Ata 5
Orixinalidade da actividade en cultura xacobeá	Novos servizos, actividades (ate 5)	Ata 5

Liña 1: proxectos relacionados coa hospitalidade e co desenvolvemento de actividades encamiñadas á difusión da cultura xacobeá. Max. 70 Ptos.

Organización de: congresos, seminarios y conferencias.	Número de participantes e número de actividades.	Ata 30
Programa de hospitaleiros voluntarios y programas de formación	Periodicidade e participantes.	Ata 30
Outras actividades	Número de participantes, número de actividades e orixinalidade.	Ata 10





Liña 2: Publicacións relacionadas coa difusión da cultura xacobeá. Max. 70 Ptos.

Edición de revistas ou publicacións periódicas	Periodicidade e número de páxinas. Difusión.	Ata 10
Edición de guías, folletos, material divulgativo para o público en xeral	Calidade da impresión e orixinalidade dos contidos. Difusión.	Ata 10
Edición de publicacións de ámbito académico e científico	Colaboradores e orixinalidade. Difusión.	Ata 10
Número de exemplares, distribución e accesibilidade dixital ás publicacións	Número de exemplares, distribución rexional e nacional. Difusión.	Ata 20
Creación de novos contidos Web.	Plataformas usadas e accesibilidade. Difusión.	Ata 20

14.4. Para obter axuda debe acadarse unha puntuación mínima de 50 puntos, cun reparto de puntos proporcional entre os criterios xerais e os criterios da liña á que se presente a solicitude. O importe da axuda determinarase aplicando ao orzamento presentado a mesma proporción que a puntuación que se obteña (se se obteñen 70 puntos a axuda será do 70% do orzamento presentado)

14.5. Unha vez entregado o informe preceptivo por parte da comisión de valoración, o instrutor ditará unha proposta de resolución e indicará de xeito motivado a relación de entidades ás que se conceden axudas e o importe das mesmas. De ser o caso, contará cunha lista de agarda das solicitudes admitidas que non acadasen subvención polo esgotamento do orzamento dispoñible.

A lista de agarda presentará un orde, consonte á súa puntuación acadada, se por aplicación dos criterios de valoración dúas ou máis solicitudes acadan igual puntuación e non existe crédito suficiente para atendelas todas, atenderanse aquelas solicitudes cuxo





importe solicitado sexa menor.

Así mesmo, indicárase de forma motivada a relación de proxectos para os que non se propón a concesión da axuda, por falta de documentación ou por non reunir os requisitos.

14.6. No suposto de que algún beneficiario renuncie á axuda concedida, decaia no dereito á súa percepción ou proceda o reintegro de acordo co previsto nestas bases e na normativa que resulte de aplicación, os créditos liberados poderán asignarse por orde decrecente de puntuación aos proxectos admitidos que non obtivesen axuda por esgotamento do crédito previsto. Actuarase de igual xeito cando, por razóns de dispoñibilidade orzamentaria, se acorde incrementar o crédito máximo inicialmente previsto nesta convocatoria.

14.7. A proposta de resolución seralle notificada aos interesados para que, nun prazo de dez días hábiles, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que coiden pertinentes.

14.8. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

15 Réxime de recursos

Será competente para coñecer dos recursos que se interpoñan contra as resolucións ditadas no ámbito destas bases, a xurisdición civil, resultando competentes os tribunais do lugar da sede da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

16 Aceptación e renuncia.

16.1. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados





propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días hábiles para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa en contra, entenderase tacitamente aceptada.

16.2. A renuncia á axuda poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como Anexo II así como por calquera outro medio que permita a súa constancia.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, a persoa titular da Dirección da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo ditará resolución expresa.

17 Xustificación e pagamento da axuda concedida

17.1. O prazo de xustificación das presentes axudas remata o **31 de outubro de 2019**.

17.2. Gastos subvencionables: só se admitirán como gastos subvencionables os efectivamente pagados con anterioridade ao remate da xustificación, que indubidablemente sexan custos vinculados ao desenvolvemento do proxecto de programación presentado con data comprendida **entre 1 de xaneiro de 2019 ata o 30 de outubro de 2019**.

17.3 Non serán subvencionables os gastos relativos a:

- Ao imposto sobre o valor engadido, así como os impostos de natureza similar que sexan recuperables ou compensables pola entidade.
- A calquera outro non vinculado directamente coa actividade obxecto da axuda.
- Os establecidos no punto 4.2 destas bases.

17.4 No caso de liberación de créditos, o prazo de xustificación para os proxectos en lista de agarda para os que exista crédito suficiente, rematará o **30 de novembro 2019** se admitirán a estes efectos os gastos efectivamente pagados con anterioridade ao remate da xustificación, que indubidablemente sexan custos vinculados ao





desenvolvemento do proxecto de programación presentado con data comprendida entre **1 de xaneiro de 2019** ata o **30 de novembro de 2019**.

17.5 Os beneficiarios deberán entregar a seguinte documentación xustificativa:

- a) Presentación da solicitude de cobramento (Anexo III) debidamente completado.
- b) Memoria xeral da actividade realizada, segundo o orzamento presentado coa solicitude.
- c) Copia das facturas a nome da entidade dos gastos realizados e imputados ao orzamento presentado na solicitude.
- d) Certificación bancaria acreditativa da realización dos pagamentos correspondentes a todos os gastos imputados ao orzamento presentado na solicitude. Non se admitirán pagamentos en efectivo.
- e) Os soportes visuais, gráficos ou sonoros (catálogos, programas, carteis, vídeos, etc.) empregados para a difusión e promoción da actividade subvencionada; esta documentación deberá achegarse ao rexistro da Sociedade por correo postal á dirección da Sociedade, facendo constar no exterior do sobre "Xustificación axudas Asociacións Amigos do Camiño de Santiago".
- f) Presentación da relación de gastos. Anexo V. Non se admitirán os gastos que non figuren nesta relación.

17.6 No suposto de que o importe correctamente xustificado sexa inferior ao orzamento presentado coa solicitude, a contía da axuda reducirase proporcionalmente.

17.7 A falta de presentación da xustificación nos prazos establecidos ou a concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño,





de subvencións de Galicia, comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da axuda, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Neste caso ditarase a oportuna resolución.

17.8 O pagamento das axudas farase efectivo unha vez presentada a documentación xustificativa máis arriba establecida.

17.9 Cando o beneficiario da axuda poña de manifesto na xustificación que se produciron alteracións das condicións tidas en conta para a concesión desta, que non alteren esencialmente a natureza ou os obxectivos da axudas, e que puidesen dar lugar a modificación da resolución conforme ao establecido no artigo 14.1 m) da Lei de subvencións de Galicia, téndose omitido o trámite de autorización administrativa previa para a súa aprobación, o órgano concedente da axuda poderá aceptar a xustificación presentada, sempre e cando tal aceptación non supoña danar dereitos de terceiros.

Esta aceptación por parte do órgano concedente non exime ao beneficiario das sancións que poidan corresponderlle conforme a citada Lei de subvencións de Galicia.

18 Obrigas específicas asumidas polos beneficiarios

A entidade subvencionada asume a obriga de cumprir estas bases, e en concreto, as obrigas seguintes:

18.1 Cumprir o obxectivo e realizar a actuación obxecto da axuda.

18.2 Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión ou o gozo da axuda.

18.3 Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas para o que se achegará





canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

18.4 Comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Estas comunicacións deberanse efectuar tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

18.5 Os beneficiarios deberán dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos na lexislación mercantil e sectorial aplicable coa finalidade de garantir o exercicio adecuado das facultades de comprobación e control; así mesmo deberán conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.

18.6 Dar adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións, facendo constar a marca Xacobeo 2021, segundo a súa normativa básica de identidade corporativa, aprobada polo Decreto 167/2018, do 29 de novembro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2021, en todos os elementos de difusión relacionados coa actividade subvencionada, normas de identidade corporativa, inseríndoos nun lugar preferente e visible, cando menos, en igualdade de condicións que a entidade subvencionada, ditos logotipos deberán aparecer dende a data da comunicación da aprobación da axuda.

Así mesmo os beneficiarios efectuarán a publicidade prevista no artigo 18.3 da Ley 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións.

18.7 Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución da concesión que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

18.8 Proceder ao reintegro das axudas nos seguintes casos:





- a) Por incumprimento dos compromisos e obrigas relacionados neste artigo.
- b) Obtención da axuda sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión, con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impedisen.
- c) Incumprimento total ou parcial do obxectivo da actividade, do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a axuda.
- d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo ou a concorrência con outras axudas para a mesma finalidade percibidas de calquera Administración ou ente público ou privado.
- e) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

19 Xurisdición

A xurisdición aplicable é a xurisdición civil someténdose as partes aos Tribunais onde a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo ten a súa sede.

20 Modificación da resolución

20.1 A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo ten a facultade de revisar as axudas concedidas e modificar a resolución de concesión no caso de alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda.

20.2 O beneficiario ten a obriga de solicitar á S.A. de Xestión do Plan Xacobeo a aceptación de calquera modificación ou alteración relevante ou significativa sobre o proxecto subvencionado.

20.3 A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo poderá acordar, motivadamente, a modificación da resolución de concesión, coa minoración proporcional derivada das





alteracións.

21 Reintegro

O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as axudas percibidas, así como os xuros de demora correspondentes, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

22 Publicidade

Estas bases publicaranse no Diario Oficial de Galicia, así como na portal da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo. Así mesmo serán obxecto de publicación as axudas concedidas, ao abeiro do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

A publicación das axudas concedidas substituirá a súa notificación individual aos beneficiarios.

Así mesmo, estarase ao disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

23 Remisión normativa

Estas bases dítanse en cumprimento dos principios de xestión contidos no artigo 5.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e os de información aos que fai referencia o artigo 16 da citada Lei, aplicables a estas axudas en virtude do disposto no artigo 1.2 da devandita norma.

Supletoriamente, estarase ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei





9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e finalmente a regulación das doazóns modais do Código Civil, artigos 618 e seguintes.

24 Información ás persoas interesadas

Sobre esta convocatoria poderase obter documentación normalizada ou información adicional na S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, a través dos seguintes medios:

a) Na sede electrónica no enderezo: <https://sede.xunta.gal>

b) Páxina web: <http://www.turismo.gal/axudas-asociacions>

c) Correo electrónico: cultura.xacobeo@xacobeo.org

d) Presencialmente

25 Disposición adicional. Datos de carácter persoal

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO
Estrada Santiago-Noia, km 3
A Barcia, 15897, Santiago de Compostela
www.caminodesantiago.gal



Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Santiago de Compostela,

Asinado dixitalmente

Isaías Calvo de la Uz
Director de Administración e
Relacións coas Asociacións de
Amigos do Camiño de Santiago



Xacobeo 2021

